

**XUNTA DE GALICIA**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental

San Lázaro, s/n

15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA

DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL FORMULADA POLA DIRECCIÓN XERAL DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL EN DATA 5 DE XUÑO DE 2007, RELATIVA Á CONCENTRACIÓN PARCELARIA DA ZONA DE SAN XOÁN DE FRIOLFE, NO CONCELLO DO PÁRAMO (LUGO), PROMOVIDA POLA DIRECCIÓN XERAL DE ESTRUTURAS E INFRAESTRUTURAS AGRARIAS. (CLAVE: 2005/0080).

ANTECEDENTES

Por solicitude dos veciños da parroquia de San Xoán de Friolfe (O Páramo, Lugo), a Dirección Xeral de Infraestruturas Agrarias (actualmente Dirección Xeral de Estruturas e Infraestruturas Agrarias) iniciou o proceso de concentración parcelaria na devandita parroquia, que abrangue unha superficie dunhas 1.257 ha, das que unhas 933 serán obxecto de concentración.

A devandita concentración parcelaria, que se atopa entre os proxectos contemplados no anexo II do Real Decreto legislativo 1302/1986, do 28 de xuño, de avaliación de impacto ambiental, cualificouse como sometida ao trámite de avaliación de impacto ambiental.

No anexo I resúmense as características da zona de concentración e no anexo II as medidas de integración ambiental propostas no estudo de impacto ambiental presentado.

Mediante Resolución do 20 de setembro de 2006, da Dirección Xeral de Estruturas e Infraestruturas Agrarias (DOG nº 194, do 6 de outubro de 2006), someteuse a información pública o estudo de impacto ambiental da concentración parcelaria da referida zona, non constando a presentación de alegacións durante o período de exposición pública.

Con data 16 de febreiro de 2007 recíbese na Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible o expediente ambiental do proxecto, remitido pola Dirección Xeral de Estruturas e Infraestruturas Agrarias como órgano substantivo por razón da materia, no que se inclúen os informes das Direccións Xerais de Patrimonio Cultural e de Conservación da Natureza, non constando emisión de informe por parte da Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais, da Confederación Hidrográfica do Norte e do Concello do Páramo, segundo indica o órgano substantivo no oficio de remisión do expediente.

O 3 de maio de 2007 recíbese o certificado de exposición ao público do estudo de impacto ambiental nas dependencias do órgano substantivo.

Cumprimentada a tramitación ambiental, a Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, como órgano ambiental e no exercicio das competencias que lle concede o Decreto 1/2006, do 12 de xaneiro, formula, aos sóos efectos ambientais, a Declaración de Impacto Ambiental (DIA) da concentración parcelaria da zona de San Xoán de Friolfe, no concello do Páramo (Lugo), promovida pola Dirección Xeral de Estruturas e Infraestruturas Agrarias.

DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL

Examinada a documentación que constitúe o expediente, esta Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental considera que o proceso de concentración parcelaria da zona de San Xoán de Friolfe é ambientalmente viable sempre que:

DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL DA CONCENTRACIÓN PARCELARIA DE SAN XOÁN DE FRIOLFE.
PROMOTOR: DIRECCIÓN XERAL DE ESTRUTURAS E INFRAESTRUTURAS AGRARIAS.
EMPRAZAMENTO: CONCELLO DO PÁRAMO (LUGO).

Asdo.: M.ª Belén Albarte Aparicio



- Co fin de asegurar que se protexen os valores naturais de interese local -se é o caso-, se conte coa conformidade do Concello do Páramo relativa á compatibilidade do proceso de concentración coas zonas clasificadas como solo rústico de protección de espazos naturais no Plan Xeral de Ordenación Municipal ou, na súa ausencia, nas normas subsidiarias de planeamento.
- Se cumpran as condicións que se establecen na presente DIA, ademais das incluídas no estudo de impacto ambiental, tendo en conta que no caso de que exista contradición entre o indicado na antedita documentación e o establecido na presente Declaración, prevalecerá o disposto nesta última.

Ademais do obrigado cumprimento das anteditas condicións, se se manifesta calquera tipo de impacto non considerado ata o momento, este órgano ambiental, por iniciativa propia ou por proposta do órgano substantivo, poderá ditar, aos sós efectos ambientais, condicionados adicionais aos anteriores.

As condicións establecidas poderán ser revisadas de oficio ou por solicitude do promotor, co obxecto de incorporar medidas que acheguen unha maior protección do medio. Ademais disto, o promotor poderá solicitar a súa revisión naqueles supostos que tecnoloxicamente presenten graves dificultades para a súa implantación ou impliquen modificacións importantes na actividade, sempre e cando as novas medidas permitan acadar os obxectivos e fins desta. Neste último caso, o promotor remitirá esta solicitude, achegando documentación técnica que xustifique estas medidas, no prazo máximo dun (1) mes despois de lle ser notificada a presente declaración, non podendo comezar as obras antes de contar cunha comunicación desta Dirección Xeral.

A. ÁMBITO DA DECLARACIÓN

A presente Declaración refírese ao proceso de concentración parcelaria da parroquia de San Xoán de Friolfe (O Páramo, Lugo), a desenvolver na zona delimitada no plano titulado "Situación y localización. Plano nº 1" do estudo de impacto ambiental, cuxo perímetro abrangue unha superficie dunhas 2.117 ha.

B. CONDICIÓN XERAIS

B.1. Fase de formulación

1. Co fin de dar cumprimento ao estipulado no punto 8 do artigo 4º da Lei 7/1997, do 11 de agosto, de protección contra a contaminación acústica, o proxecto definitivo da concentración parcelaria deberá contar co correspondente estudo acreditativo do seu impacto acústico.

No dito estudo, que se realizará en base ao Decreto 150/1999, do 7 de maio, polo que se aproba o Regulamento de protección contra a contaminación acústica, determinarase a necesidade ou non de adoptar medidas protectoras naqueles puntos nos que se puideran superar os límites establecidos no anexo da citada Lei 7/1997, así como, no caso de que dispoña dela, na ordenanza municipal do Concello do Páramo. Asemade, valorarase a necesidade ou non de establecer un plan de seguimento de rúidos.

DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL DA CONCENTRACIÓN PARCELARIA DE SAN XOÁN DE FRIOLFE.
PROMOTOR: DIRECCIÓN XERAL DE ESTRUTURAS E INFRAESTRUTURAS AGRARIAS.
EMPRAZAMENTO: CONCELLO DO PÁRAMO (LUGO).

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
DIRECCIÓN XERAL DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL
DILIXENCIA - Para facer constar que a presente copia é reprodución fiel e exacta do seu orixinal.

Asdo.: M.ª Belén Albete Aparicio



2. Definirase a localización da zona ou zonas destinadas a casetas de obra, parque de maquinaria, amoreamentos de materiais, almacenamento de residuos, etc, cos criterios sinalados no estudo de impacto ambiental pero tendo en conta que non se sitúen excesivamente próximas a núcleos de poboación, para minimizar posibles molestias por ruidos e tráfico de maquinaria.

3. No caso de que existan sobrantes procedentes dos movementos de terra, definiranse as posibles zonas para o depósito destes. A selección destas zonas realizarase con criterios ambientais e tendo en conta que, no caso de que existan no contorno ocos procedentes de actividades extractivas abandonadas ou de movementos de terras, primará o seu uso fronte a outras zonas, sempre que sexa técnica e economicamente viable e non se atopen naturalizados e integrados no contorno. En ningún caso se depositarán os sobrantes nas zonas con valores ambientais relevantes identificadas no estudo ambiental.

4. No caso de que nos camiños de servizo sexa necesario habilitar pasos canadenses para impedir o paso de gando, deberán preverse medidas que posibiliten o escape dos pequenos vertebrados que poidan caer ao foxo, que poderán consistir, sen prexuízo doutras igualmente efectivas, nunha rampla de subida ou facer o foxo cun ou os dous laterais abertos.

5. No deseño do novo parcelario favorecerase a integración paisaxística dos predios resultantes mediante a conservación do maior número posible de elementos lineais de interese ambiental; lindes arboradas, muros de pedra, sebes, etc. Para elo, procurarase axustar a maior lonxitude posible de lindeiros dos predios de substitución aos citados elementos.

Neste sentido, promoverase a conservación e posterior traslado dos muros de pedra que vaian quedar sen uso no interior dun predio para empregalos como elemento delimitador doutras novas parcelas.

6. Redactarase un proxecto de integración paisaxística axustado ao proxecto definitivo da concentración parcelaria, no que se desenvolverán e presupostarán detalladamente os labores de restauración e integración paisaxística aos que se fai referencia xenérica no estudo ambiental. Na elaboración deste proxecto atenderase a criterios de coherencia ecolóxica e paisaxística, e terase en conta o seguinte:

▪ En canto ás especies a empregar:

- Serán autóctonas, tendo sempre presentes as circunstancias edafolóxicas e climáticas da zona a restaurar para a súa implantación e que as mesmas (sexan árbores, arbustos, matas e/ou herbáceas) procederán da mesma zona ou outra similar, segundo criterios bioxeográficos, litolóxicos, de vexetación potencial e climáticos.
- Deberán ser compatibles co hábitat no que se van implantar. O hábitat, estación ou localización vai estar definido pola interdependencia e interrelación do clima, factores fisiográficos (topografía, pendentes, altitudes, exposición), solo ou substrato (perfil, textura, fauna, flora, ciclos de nutrientes, etcétera), e factores bióticos.
- Deben ser compatibles entre si, no espazo e no tempo, aplicándose no seu caso os tratamentos oportunos, é dicir, a competencia interespecífica e intraespecífica entre as especies que se implanten debe posibilitar o éxito da restauración, adoptándose, ademais, para acadar este obxectivo os tratamentos que sexan necesarios (clareos, tozas, etcétera).

DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL DA CONCENTRACIÓN PARCELARIA DE SAN XOÁN DE FRIOLFE.
PROMOTOR: DIRECCIÓN XERAL DE ESTRUCTURAS E INFRAESTRUTURAS AGRARIAS.
EMPRAZAMENTO: CONCELLO DO PÁRAMO (LUGO).

Asdo.: M.^a Belén Alberte Aparicio



- No caso de ser necesaria a eliminación dalgúns exemplares de especies arbóreas autóctonas, estas deberán ser replantadas, empregándose na restauración. De todos modos, recoméndase a súa preservación, actuando unicamente sobre exemplares mortos ou moi danados.
- Maximizarase a diversidade da zona de restauración, tendo sempre presentes as superficies a restaurar e os hábitats presentes.
- Contemplarase asemade, sempre que sexa posible, a formación de sebes nos límites das novas parcelas como un elemento máis de integración paisaxística, empregando para elo especies arbustivas autóctonas presentes na zona.

7. Redactarase un programa de vixilancia e seguimento ambiental baseado na proposta incluída no estudo ambiental, no que se incorporarán aqueles aspectos a controlar que xurdan ao longo da fase de formulación, así como todos os derivados do cumprimento do condicionado desta DIA.

O dito programa levarase a cabo co obxecto de garantir ao longo do tempo o cumprimento das medidas protectoras e correctoras contempladas na documentación avaliada e no condicionado da Declaración, así como incorporar procedementos de autocontrol por parte do promotor. O programa debe permitir detectar, cuantificar e corrixir alteracións que non se puidesen prever no estudo ambiental ou no condicionado da DIA, e levar a cabo novas medidas correctoras acordadas coas novas problemáticas xurdidas.

Será responsabilidade do órgano substantivo que o programa que finalmente se desenvolva neste sentido permita acadar os fins sinalados no parágrafo anterior. Asemade, teranse en conta as seguintes consideracións:

- Co obxecto de acadar a máxima coordinación e eficacia no cumprimento da presente Declaración, deberá designarse un/s responsable/s do control desta.
- Todas as medicións e/ou analíticas do programa de vixilancia deberán ser realizadas por organismo de control autorizado ou entidade homologada, e os resultados deberán vir asinados por un técnico de dita entidade.
- Fixaranse, para todas as fases, os indicadores ambientais, a periodicidade dos controis e os umbrais (admisible, de alerta e inadmisible) que se vayan utilizar en cada caso.
- As tomas de mostras e as medicións deberán ser representativas, polo que se realizarán durante os labores con maior incidencia sobre os indicadores obxecto de control.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE
DIRECCIÓN XERAL DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL
copia e reprodución fiel e exacta do seu orxinal.

B.2. Fases de execución e explotación

Asdo.: M.^a Betén Alberte Aparicio

1. Co fin de minimizar a emisión de po á atmosfera durante a fase de obras, nos periodos de seca procederase á humectación dos camiños e das zonas onde se estean a realizar escavacións ou movementos de terras. Os camiños de transporte de terras ou outros materiais que poidan xerar po deberán ir cubertos con lonas ou similar. Asemade, procederase ao lavado das rodas dos camiños á saída da zona de obras.

2. A maquinaria de obra cumprirá coa normativa de emisións de ruído e gases que lle resulte de aplicación, debendo dispor de documentación acreditativa ao respecto.

DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL DA CONCENTRACIÓN PARCELARIA DE SAN XOÁN DE FRIOLFE.
PROMOTOR: DIRECCIÓN XERAL DE ESTRUTURAS E INFRAESTRUTURAS AGRARIAS.
EMPRAZAMENTO: CONCELLO DO PÁRAMO (LUGO).



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental

San Lázaro, s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE

DIRECCIÓN XERAL DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL
DILIXENCIA Para facer constar que a presente
copia é reprodución fiel e exacta do seu orixinal.

3. Cumprírase co disposto na Lei 7/1997, do 11 de agosto, de protección contra a contaminación acústica, así como, no caso de que dispoña dela, na ordenanza municipal do Concello do Páramo ao respecto.

4. Calquera actuación ou afección nas zonas de servidume e policía dos cursos de auga, así como calquera captación ou vertedura se é o caso, precisarán da autorización do organismo de cunca competente, neste caso a Confederación Hidrográfica do Norte, conforme o establecido no Real Decreto Lexislativo 1/2001, de 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Augas.

5. Non se afectarán, ou serán repostas na súa totalidade, as instalacións ou servizos de abastecemento de auga, saneamento ou calquera outro amparado pola lexislación hidráulica que se atopen na zona afectada pola concentración parcelaria.

Asemade, respectaranse os mananciais que puidesen existir na zona, podendo ser parcialmente encanado o seu curso para a execución da obra se resulta necesario. De xurdir afloramentos de augas subterráneas, serán conducidos a ceo aberto (sempre que as obras definitivas o permitan) cara ás correntes superficiais máis próximas.

6. Non se acumularán terras, entullos, material de obra nin calquera outro tipo de materiais ou substancias nas zonas de servidume dos cursos fluviais ou en zonas de pendente próximas a estes, nin interferindo na rede natural de drenaxe, para evitar a súa incorporación ás augas no caso de chuvias ou escorregamento superficial.

7. Cando se leven a cabo movementos de terras en zonas de elevada pendente, disporanse mallas antiescorregamento ou calquera outra medida adecuada para evitar arrastres de materiais ladeira abaixo.

8. Co obxecto de prevenir fenómenos erosivos e incorporación de sólidos ás augas, a medida que avanza a obra procederase á estabilización e revexetación dos noiros de desmonte e/ou terraplén nas zonas afectadas por movementos de terras.

9. Non está permitido o lavado de maquinaria e utillaxe nos cursos de auga. A calidade das augas manterase en niveis óptimos, de xeito que tralas obras a súa clasificación non diminúa respecto da existente antes do inicio destas.

10. No caso de realizar voaduras, disporanse os medios necesarios (redes, lonas...) para evitar a proxección de fragmentos de rocha ao contorno. En calquera caso, se istos se producen, deberán ser retirados da zona e depositados en emprazamento autorizado.

11. De ser preciso o emprego de formigón, evitárase a súa elaboración na propia obra, procurando adquirilo xa preparado en plantas que contén coas debidas autorizacións.

12. Os labores de limpeza, mantemento e reparación da maquinaria de obra realizaranse en talleres autorizados, eliminando así o risco de derrames accidentais de substancias contaminantes. Cando isto non sexa posible polas características da maquinaria (con mobilidade restrinxida ou non apta para circular por estrada), estas tarefas realizaranse na zona destinada a parque de maquinaria, protexendo o solo con materiais impermeables e dispoñendo os medios necesarios para a recollida de posibles vertidos, que incluírán un sistema de recollida, conducción e decantación das augas procedentes desta zona que garanta a non afección ao contorno.

DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL DA CONCENTRACIÓN PARCELARIA DE SAN XOÁN DE FRIOLFE.
PROMOTOR: DIRECCIÓN XERAL DE ESTRUTURAS E INFRAESTRUTURAS AGRARIAS.
EMPRAZAMENTO: CONCELLO DO PÁRAMO (LUGO).



13. Levarase a cabo un control topográfico preciso dos límites da zona de concentración e da localización e dimensións de todas as parcelas e infraestruturas previstas, estando prohibido ocupar terreos fóra dos contemplados no proxecto, que en todo caso se axustará ao que se derive da presente Declaración.

14. Extremaranse as precaucións na execución de obras en zonas nas que se poida afectar á rede hidrolóxica, charcas, zonas hidromorfas ou humidaís, adoptando todas as medidas protectoras e correctoras necesarias para a súa preservación ademais das recollidas no estudo ambiental. Prestarase especial atención ao balizamento das ditas zonas para evitar posibles afeccións por tránsito incontrolado de maquinaria ou vehículos de obra.

15. No caso de que se precise material de canteira para o desenvolvemento das obras, este deberá proceder de explotacións autorizadas. Asemade, estudarase a posibilidade de que parte dos materiais a utilizar na construción de novos camiños (para as bases ou subbases ou para a pavimentación), proceda de plantas de reciclaxe de residuos de construción e demolición.

16. Con carácter xeral, e tendo en conta o sinalado no punto anterior, non se efectuarán préstamos na zona, salvo xustificación previa. Nese caso, seleccionaranse zonas que xa vaian ser afectadas polas obras ou, no seu defecto, lugares carentes de valores ambientais ou paisaxísticos relevantes. En todo caso, os préstamos deberán ter a súa procedencia debidamente acreditada e os ocos serán restaurados ao remate da obra.

17. Previamente ao depósito dos sobrantes dos movementos de terra -se os houbese- nos lugares seleccionados de acordo co indicado no punto B.1.3 desta DIA, deberase contar cos correspondentes permisos.

18. Tendo en conta a política de xestión de residuos de construción e demolición que se está levando a cabo nesta Dirección Xeral, estudarase a posibilidade de que, no caso de que se xeren este tipo de residuos (demolición de edificacións, restos de obras de fábrica, etc) sexan reciclados co fin de reutilizalos na propia obra. No caso de que isto non sexa posible, serán entregados a xestor autorizado.

19. A eliminación de vexetación reducirase ao estritamente necesario, respectando sistematicamente todo tipo de vexetación existente que non resulte afectada directamente pola execución da obra. Procederase ao balizamento ou sinalización das masas e formacións vexetais de interese ambiental para evitar a súa afección. Non se fará uso do lume nin fitocidas nestas tarefas.

20. Para calquera aproveitamento, utilización ou modificación da vexetación de ribeira estarase ao disposto na lexislación vixente de aplicación. Asemade, previamente á corta de arboradura terá que realizarse a correspondente comunicación de corta ou solicitude de autorización, segundo o caso, conforme o disposto no Regulamento de Montes.

21. Na xestión da biomasa vexetal eliminada primarase a súa valorización, evitando a queima *in situ* destes restos, que de ser o caso terá que contar coa preceptiva autorización. No caso de que sexa depositada sobre o terreo, procederase a súa trituración e espaxamento homoxéneo, para permitir unha rápida incorporación ao solo, diminuír o risco de incendios forestais e evitar a aparición de enfermidades ou pragas.

Santiago, 11 XUN. 2007

DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL DA CONCENTRACIÓN PARCELARIA DE SAN XOÁN DE FRIOLFE.
PROMOTOR: DIRECCIÓN XERAL DE ESTRUTURAS E INFRAESTRUTURAS AGRARIAS.
EMPRAZAMENTO: CONCELLO DO PÁRAMO (LUGO).



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental

San Lázaro, s/n

15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA

22. Se na zona de concentración existisen afloramentos rochosos con interese xeomorfolóxico ou paisaxístico, deberán ser respectados, sen que se vexan afectados polas obras.

23. Levaranse a cabo os labores de restauración e integración paisaxística aos que se fai referencia no punto B.1.6 desta DIA, paralelamente ao avance da obra sempre que sexa posible, co fin de evitar fenómenos erosivos e lograr o máis pronto posible a integración paisaxística das zonas alteradas polas obras. Vixilarase a evolución da revexetación efectuada, procedendo á reposición das calvas e/ou marras que puideran aparecer nas sementeiras, hidrosementeiras e/ou plantacións efectuadas.

24. Manterase a permeabilidade territorial da zona, conservando os servizos e servidumes de paso que existan na actualidade. Se durante as obras fose preciso cortar o paso dalgunha vía, deberánse implementar rutas alternativas que presten o mesmo servizo.

25. No caso de deterioración de estradas, camiños ou calquera outra infraestrutura ou instalación preexistente debido ao proceso de concentración parcelaria, deberá restituírse a súa calidade aos niveis previos ao inicio das obras.

26. Todos os residuos que se xeren, tanto na fase de execución como na de explotación, deberán ser xestionados en función da súa natureza e conforme á lexislación vixente, primando a súa reciclaxe ou reutilización fronte ao vertido.

Neste sentido, adoptaranse as medidas oportunas para que os distintos residuos producidos se almacenen en condicións adecuadas de hixiene, seguridade e segregación, garantindo en todo caso que non se produzan afeccións ao medio ambiente.

27. Se durante a realización do programa de vixilancia e seguimento ambiental ao que se refire o punto B.1.7 desta DIA se detectan impactos imprevistos ou alteracións que superen os umbrais establecidos na lexislación aplicable ou nesta Declaración, a Dirección Xeral de Estruturas e Infraestruturas Agrarias propondrá as medidas correctoras precisas para corrixilas. Se se pon de manifesto a existencia de impactos ambientais severos ou críticos, o comunicará a esta Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental.

Santiago, 11 XUN. 2007

C. CONDICIÓNES ESPECÍFICAS

C.1. Fase de formulación

1. Co fin de promover unha ordenación racional do territorio, no caso de que o PXOM de O Páramo sexa aprobado definitivamente antes da execución da concentración parcelaria, adaptarase a mesma ás directrices do PXOM.

2. En relación coa protección dos elementos do patrimonio cultural, estarase ao seguinte:

- Non se poderán realizar obras nin movementos de terras nos ámbitos de protección integral dos elementos do patrimonio cultural.
- Nas áreas de respecto dos elementos do patrimonio cultural a apertura de novas pistas terá carácter excepcional, e deberá contar co informe previo e favorable da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural. Asemade, calquera obra ou movemento de terras nestas áreas terá que ser previamente informado pola dita Dirección Xeral.

DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL DA CONCENTRACIÓN PARCELARIA DE SAN XOÁN DE FRIOLFE.
PROMOTOR: DIRECCIÓN XERAL DE ESTRUCTURAS E INFRAESTRUTURAS AGRARIAS.
EMPRAZAMENTO: CONCELLO DO PÁRAMO (LUGO).



- No deseño dos proxectos de camiños e de concentración parcelaria deberán terse en conta, adoptando as medidas oportunas para a súa conservación, preservación e recuperación, os antigos camiños e corredoiras, valados de pedra, muros de peche tradicionais, etc, que configuran funcional e estruturalmente a paisaxe galega e caracterizan culturalmente o territorio.
- Unha vez se definan as accións a levar a cabo na zona de concentración parcelaria (no relativo ao proxecto de camiños e ao proxecto de concentración parcelaria), e previamente ao inicio das obras, o promotor remitirá á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural unha avaliación do impacto das accións de ditos proxectos sobre os elementos do patrimonio cultural localizados na zona, para a emisión do correspondente informe.
- Unha vez informados pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural os documentos sinalados no parágrafo anterior, terase en conta que en todo o ámbito da concentración parcelaria deberá realizarse un control e seguimento arqueolóxico durante as fases de replanteo, de execución de obra e de restitución dos terreos.

Para tal fin, e previamente ao inicio das obras, elaborárase un proxecto arqueolóxico que terá que ser autorizado pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural. Como anexo ao dito proxecto deberase recoller, na cartografía que empregue o persoal da obra durante o transcurso da mesma, un plano no que figuren as áreas de risco arqueolóxico, coa localización dos elementos do patrimonio cultural xunto coas súas áreas de exclusión e cautela (obxecto do control e seguimento arqueolóxico). Dito plano incorporará os textos necesarios para a súa comprensión.

- Na fase de replanteo se deberán revisar os impactos e valorar a aplicación das medidas correctoras.
- En base aos resultados das actuacións arqueolóxicas en cada unha das fases da obra, a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, como organismo competente na materia, decidirá sobre a conveniencia de establecer outras medidas de protección.
- Os traballos arqueolóxicos serán levados a cabo por técnicos arqueólogos competentes, de acordo coa Lei 8/1995, do 30 de outubro, de Patrimonio Cultural de Galicia.

3. Excluíranse do proceso de concentración as áreas que presenten *Bosques aluviais residuais de Alnus glutinosa e Fraxinus excelsior (Alno-Padion, Alnion incanae, Salicion albae)*, hábitat natural prioritario recollido no Anexo I da Directiva 92/43/CEE, do 21 de maio, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres, co código 91E0*.

4. Ademais do anterior e con carácter xeral, consideraranse elementos e áreas sensibles a conservar no proceso de concentración parcelaria, as formacións de arborado autóctono (priorizando a preservación das *Carballeiras galaico-portuguesas con Quercus robur e Quercus pyrenaica* -código 9230- e os *Bosques de Castanea sativa* -código 9260-, os cursos fluviais e a súa vexetación de ribeira (aínda que non constitúa hábitats 91E0) xunto cos ecosistemas intimamente ligados á auga, árbores e rodais singulares, lindes arboradas e arbustivas de límite entre parcelas, especies vexetais e/ou faunísticas endémicas, singulares e/ou protexidas, os elementos do patrimonio cultural -tanto arqueolóxico como arquitectónico e etnográfico-, os elementos singulares recollidos no plano nº 4 do anexo II do estudo ambiental e, de non estar contempladas entre as anteriores, as zonas a conservar que figuran no plano nº 10 "Directrices ambientais" do estudo de impacto.

DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL DA CONCENTRACIÓN PARCELARIA DE SAN XOÁN DE FRIOLFE.
PROMOTOR: DIRECCIÓN XERAL DE ESTRUTURAS E INFRAESTRUTURAS AGRARIAS.
EMPRAZAMENTO: CONCELLO DO PÁRAMO (LUGO).



Ao longo de todo o proceso de concentración parcelaria, pero especialmente no deseño da rede viaria e dos predios de substitución, adoptaranse todas as medidas necesarias, ademais das propostas no estudo de impacto ambiental e as establecidas nesta DIA, co fin de evitar ou minimizar posibles afeccións aos citados elementos. Tamén se terá en conta a presenza, se é o caso, de rutas de sendeirismo, áreas recreativas, miradoiros e calesquera outras infraestruturas ou instalacións para o tempo de lecer.

Teranse en conta tamén nesta fase as medidas que sexan de aplicación de entre as propostas para a preservación das áreas de campeo e nidificación de Tartaraña cincenta (*Circus pygargus*), tomando como base o plano nº 2 "Hábitats de *Circus pygargus*" incluído no anexo II do estudo de impacto ambiental.

5. En relación coa rede de camiños de concentración, deberán estudarse outras alternativas de trazado vistas as seguintes características da proposta reflectida no estudo ambiental:

- Afecta a áreas de respecto dalgúns elementos do patrimonio cultural.
- Afecta en numerosas ocasións a formacións arbóreas autóctonas.
- Unha grande proporción de vías son moi rectilíneas, chegando a haber tramos rectos de máis de 1 quilómetro, o cal reduce a calidade paisaxística ao cuadrificar e artificializar en exceso a zona por non considerar as singularidades do medio físico e biótico.
- Nalgún tramo as pendentes lonxitudinais son excesivas (do 15%), cos conseguíntes problemas de erosión.
- Podería maximizarse o aproveitamento dos camiños existentes, dado que algúns teñen traxectorias similares aos propostos como de nova execución.

Na definición do trazado teranse en conta as seguintes medidas, ademais do sinalado nos apartados anteriores e no estudo ambiental:

- Aproveitarase o máximo posible a traza dos camiños existentes, minimizando a execución de novos accesos ás parcelas. Evitaranse longos tramos de trazado rectilíneo, sendo preferible que a traza se adapte ao relevo natural co fin de acadar unha mellor integración paisaxística da infraestrutura.
- Evitarase modificar o actual réxime hidrolóxico da zona, permitindo a libre circulación das augas, polo que deberán preverse tantas estruturas de drenaxe transversal como valgadas teña o terreo, dimensionándoas de xeito que se evite o efecto presa en épocas de máxima precipitación. Á saída destes pasos colocaranse dispositivos protectores e/ou de disipación de enerxía para evitar fenómenos erosivos, deposición de sólidos ou asolagamentos na traxectoria de incorporación das augas aos cursos naturais.
- No caso de ser imprescindible o cruce de cursos fluviais, empregaranse pontes sempre que sexa posible (procurando que os piares non se coloquen no leito e que os estribos se sitúen a máis de 5 m a cada lado do mesmo) ou, no seu defecto, obras de paso tipo pórtico, evitando pasos tipo marco ou tubo con fin de manter os cauces no seu estado natural. En calquera caso, o deseño que se adopte deberá permitir o paso da fauna ictícola en datas de escaso caudal.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
DIRECCIÓN XERAL DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL
DILIXENCIA - Para facer constar que a presente
copia é reprodución fiel e exacta do seu orixinal.

Santiago, 11 XUN. 2007

DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL DA CONCENTRACIÓN PARCELARIA DE SAN XOÁN DE FRIOLFE.
PROMOTOR: DIRECCIÓN XERAL DE ESTRUTURAS E INFRAESTRUTURAS AGRARIAS.
EMPRAZAMENTO: CONCELLO DO PÁRAMO (LUGO).

Páx. 9 de 20
Asdo.: M.^a Belén Albarte Aparicio



6. Desenvolveranse as medidas necesarias para evitar posibles impactos asociados á fase de formulación, como poden ser a aparición de edificacións ou peches, o abandono, modificación ou intensificación abusiva de cultivos e as cortas indiscriminadas de vexetación ante a incerteza dos actuais propietarios pola titularidade futura das parcelas.

Neste sentido, lembraráselle aos propietarios a necesidade de obter autorización ou permiso para a corta de especies arbóreas e procurárase en todo momento mantelos informados da marcha do proceso de concentración, establecendo canles fluídas de comunicación e colaboración entre tódolos axentes implicados no proceso.

7. Ademais de cumprir co sinalado no punto B.1.7 da DIA, o programa de vixilancia ambiental deberá contemplar os seguintes aspectos:

- De acordo co sinalado no punto B.1.1 da DIA, en función das conclusións do estudo acústico elaborárase, se é o caso, un plan de seguimento do nivel de ruído durante a execución das obras, no que constarán os puntos de mostraxe, metodoloxía, periodicidade dos controis e límites a impoñer, elixindo como puntos de control as vivendas ou edificacións habitadas máis próximas ás zonas onde estea previsto executar obras. Este plan de seguimento basearase no disposto no Decreto 150/1999, do 7 de maio, polo que se aproba o Regulamento de protección contra a contaminación acústica.
- Plan de control da calidade das augas dos cursos fluviais afectados polas obras, tanto na fase de obras como ao final destas ata que se constate ausencia de afeccións, seleccionando puntos de toma de mostras augas arriba e augas abaixo da zona afectada. Consideraranse como mínimo os seguintes parámetros: pH, temperatura, materias en suspensión, osíxeno disolto, condutividade e presenza de hidrocarburos.
- Plan de vixilancia do funcionamento das estruturas de drenaxe e do mantemento do réxime hidrolóxico preexistente, tanto para a fase de obras como para a de explotación.
- Plan de seguimento da poboación de *Circus pygargus*, incluíndo seguimento anual da poboación reprodutora e das demais medidas propostas no anexo II do estudo ambiental.

Terase en conta que previamente ao inicio das obras deberán levarse a cabo as campañas preoperacionais dos plans de seguimento do nivel de ruído e de control da calidade das augas. Os resultados das ditas campañas incorporaranse aos informes de seguimento ambiental (tanto os da fase de obra como os de explotación) para comparalos cos datos obtidos en cada periodo de seguimento.

8. Previamente ao inicio das obras, a Dirección Xeral de Estruturas e Infraestruturas Agrarias remitirá a esta Dirección Xeral, para a súa avaliación, o proxecto de concentración no que se incluírá, ademais do sinalado no artigo 30 da Lei 12/2001, do 10 de setembro, de modificación da Lei de concentración parcelaria para Galicia, un anexo específico sobre a adecuada inclusión no dito proxecto tanto das medidas protectoras e correctoras propostas no estudo de impacto ambiental como do condicionado desta DIA. Terase en conta que non se poderá proceder ao inicio das obras antes de contar co informe favorable desta Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE
DIRECCIÓN XERAL DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL
SANTIAGO DE COMPOSTELA - Para facer constar que a presente
copia é reprodución fiel e exacta do seu orixinal.

DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL DA CONCENTRACIÓN PARCELARIA DE SAN XOÁN DE FRIOLFE.
PROMOTOR: DIRECCIÓN XERAL DE ESTRUTURAS E INFRAESTRUTURAS AGRARIAS.
EMPRAZAMENTO: CONCELLO DO PÁRAMO (LUGO).



C.2. Fase de execución

1. Serán obxecto de especial atención en canto a súa preservación e/ou adopción de medidas protectoras, correctoras ou compensatorias, e polo tanto obxecto dun intenso seguimento e vixilancia, os elementos e áreas sensibles sinalados nos puntos C.1.2 ao C.1.4 da DIA.

2. Dado que entre as aves rapaces presentes na zona de estudo figura a Tartaruga cincenta (*Circus pygargus*), que nidifica sobre o solo en ambientes de matogueira con pasteiros e polo tanto é susceptible de verse afectada polo proceso de concentración, porase especial atención no desenvolvemento das medidas de conservación para a fase de obras incluídas no anexo II do estudo ambiental.

3. Para o resto da fauna, e tal e como se sinala no estudo de impacto ambiental, o período de obras non coincidirá coas épocas de cría ou nidificación das especies de interese ou que ostentan figuras de protección legal.

4. A Dirección Xeral de Estruturas e Infraestruturas Agrarias responsabilizarase de que se leve a cabo o programa de vixilancia e seguimento ambiental ao que se refiren os puntos B.1.7, B.2.27 e C.1.7 desta DIA e, como órgano substantivo, estará ao disposto no artigo 7 do Real Decreto legislativo 1302/1986, do 28 de xuño, de avaliación de impacto ambiental.

Durante esta fase elaboraranse os seguintes informes, cos contidos mínimos que se sinalan a continuación:

a) Semestralmente:

- Informe de avance das obras (incluíndo cronograma actualizado) onde se describa o desenvolvemento dos traballos en relación a todos os compoñentes do proxecto de concentración, acompañado de plano en planta no que se reflecta a situación real das obras e a porcentaxe de execución de cada actividade.
- Memoria do seguimento ambiental realizado en cumprimento desta DIA, incluíndo os resultados dos plans de seguimento do nivel de ruído, control da calidade das augas, funcionamento da rede de drenaxe, mantemento do réxime hidrolóxico e poboación de *Circus pygargus*. Detallaranse os resultados da aplicación das medidas protectoras, correctoras ou compensatorias, incidencias ou imprevistos acontecidos, variacións respecto do proxectado, labores de restauración efectuados, xestión de residuos de obra, sobrantes de terra, etc. O informe reflectirá o cumprimento da presente Declaración en relación a tódolos aspectos contemplados nela.
- Reportaxe fotográfica que mostre con detalle os aspectos ambientais máis relevantes da actuación, así como das zonas onde se adoptaron medidas protectoras e correctoras, en especial as relativas aos elementos e áreas sensibles sinalados nos puntos C.1.2 ao C.1.4 da DIA. Nas fotografías indicárase a data e hora, debendo ir acompañadas dun plano de localización.

b) Antes da emisión da acta de recepción de obra



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
DIRECCIÓN XERAL DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL
DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL - Para facer constar que a presente copia é reprodución fiel e exacta do seu orixinal.

Santiago, 11 XUN. 2007

DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL DA CONCENTRACIÓN PARCELARIA DE SAN XOÁN DE FRIOLFE.
PROMOTOR: DIRECCIÓN XERAL DE ESTRUTURAS E INFRAESTRUTURAS AGRARIAS.
EMPRAZAMENTO: CONCELLO DO PÁRAMO (LUGO).



- Memoria resumo sobre o seguimento ambiental realizado, na que quede constancia dos controis ambientais e medidas protectoras e correctoras levadas a cabo de acordo co sinalado no estudo ambiental e o disposto nesta DIA. Descrición detallada do estado final da zona de concentración parcelaria, con especial mención ás medidas de protección da vexetación e aos labores de restauración e integración paisaxística efectuados. Describíranse asemade, de ser o caso, as variacións introducidas ao longo das obras respecto do proxectado, así como calquera outra incidencia ou imprevisto acontecidos e as solucións adoptadas.

Neste sentido, realizarase un seguimento específico da superficie ocupada pola vexetación autóctona, hábitats naturais e demais formacións e áreas de interese sinaladas nos puntos C.1.2 ao C.1.4 desta DIA, antes e despois da concentración parcelaria, co obxecto de poder obter unha avaliación do impacto final do proceso concentrador.

- Reportaxe fotográfica que mostre con detalle os aspectos ambientais máis relevantes da actuación, así como o estado xeral da zona de concentración e das zonas onde se adoptaron medidas protectoras e correctoras, en especial as relativas á protección dos elementos e áreas sensibles sinalados no estudo ambiental e nesta Declaración. Nas fotografías indicárase a data e hora, e virán acompañadas dun plano de localización.

C.3. Fase de explotación

1. Promoverase o desenvolvemento sostible da zona concentrada mediante a adopción de criterios de sostenibilidade ambiental no uso das parcelas asignadas a cada propietario, que se comprometerán a manter o uso que se lle teña atribuído a cada parcela ao longo do proceso de concentración.

Neste sentido, considérase de especial importancia o adecuado desenvolvemento das accións de formación ambiental dos agricultores ás que se fai referencia no estudo ambiental, de cara á mellora ambiental das explotacións e ao seu aproveitamento respectuoso co medio ambiente.

2. Os envases baleiros de produtos fitosanitarios deberán ser depositados en contedores habilitados dentro dun Sistema Integrado de Xestión de Envases ou entregados a xestor autorizado. Os envases que conteñan produto e que estean fóra de uso xestionaranse como residuos perigosos e serán entregados a xestor autorizado.

3. Anualmente elaborárase un informe de seguimento ambiental que como mínimo inclúa:

- Memoria do seguimento realizado de acordo co programa de vixilancia ambiental desenvolvido en cumprimento do disposto nesta DIA. Describíranse os resultados do seguimento da poboación reprodutora de *Circus pygargus*, dos labores de restauración e integración paisaxística, indicando os avances e incidencias no proceso de rexeneración da cuberta vexetal, estado dos ~~viais da concentración~~ e dos seus sistemas de drenaxe, así como daquelas zonas nas que se aplicasen medidas de protección contra a erosión. Detallárase a eficacia e evolución de todas as medidas protectoras e correctoras adoptadas ao longo da fase de obra.

Santiago.

11 XUN. 2007

DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL DA CONCENTRACIÓN PARCELARIA DE SAN XOÁN DE FRIOLFE.
PROMOTOR: DIRECCIÓN XERAL DE ESTRUTURAS E INFRAESTRUTURAS AGRARIAS.
EMPRAZAMENTO: CONCELLO DO PÁRAMO (LUGO).

Asdo.: M.^a Belén Albariño Paz, 12 de 20



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental

San Lázaro, s/n


15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA

- Reportaxe fotográfica onde se reflicta a integración paisaxística da actuación, referida a todos os seus elementos, indicando nas fotografías a data e a hora e acompañándoas dun plano de localización.
- No seu caso, incidencias producidas e medidas adoptadas para a súa resolución.

Á vista dos resultados que se obteñan durante os dous primeiros anos de seguimento poderase revisar, se é o caso, o contido ou a frecuencia dos controis e informes a realizar en anos posteriores, ou estudar a posibilidade de dar por finalizado o seguimento.

Santiago de Compostela, 5 de xuño de 2007

O DIRECTOR XERAL DE CALIDADE
E AVALIACIÓN AMBIENTAL



Asdo.: ~~Joaquín Lucas~~ Buergo del Río



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE

DIRECCIÓN XERAL DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL

DILIXENCIA - Para facer constar que a presente copia é reprodución fiel e exacta do seu orixinal.

Santiago.

11 XUN. 2007

Asdo.: M.ª Belén Alberto Aparicio



ANEXO I

RESUMO DAS CARACTERÍSTICAS DA ZONA DE CONCENTRACIÓN PARCELARIA

Preténdese levar a cabo o proceso de concentración parcelaria na parroquia de San Xoán de Friolfe, no concello do Páramo (Lugo), promovendo a ordenación e concentración das fincas a fin de mellorar o rendemento agrario das explotacións agrícolas existentes.

A superficie da parroquia obxecto da concentración é de 1.257 ha. Tendo en conta que o conxunto de terreos que se prevé excluír do proceso de concentración, basicamente montes veciñais en man común, totalizan unhas 324 ha, a superficie que vai ser obxecto de concentración ronda as 933 ha, repartidas nunhas 2.570 parcelas. Prevese que ao final do proceso queden uns 600 predios de substitución.

O proceso desenvolverase en tres fases; formulación, execución e explotación. As actuacións que implican un maior número de operacións de maquinaria e risco de deterioro de elementos ambientais son o acondicionamento dos predios de substitución e a execución dos camiños de servizo a ditas parcelas.

Entre os elementos da rede hidrográfica da zona destacan os regos de Cardigan e de Santa Comba, que pertencen á conca do río Neira. Non hai coutos de pesca afectados polo proceso de concentración. No tocante ás unidades de vexetación, no estudo sinálanse as seguintes: masas forestais de especies autóctonas (carballo e castiñeiro), masas produtoras (basicamente de piñeiro), vexetación de ribeira e prados e cultivos.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
DIRECCIÓN XERAL DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL
DILIXENCIA - Para facer constar que a presente
copia é reprodución fiel e exacta do seu orixinal.

Santiago, 11 XUN. 2007

Asdo.: M.^a Belén Alherte Aparicio



ANEXO II

RESUMO DAS MEDIDAS DE INTEGRACIÓN AMBIENTAL PROPOSTAS NA DOCUMENTACIÓN AVALIADA

A) NO ESTUDO DE IMPACTO AMBIENTAL

Zonas a conservar

Tras o estudo do perímetro da zona de concentración, determináronse como elementos a conservar as masas de frondosas, a vexetación de ribeira e os elementos patrimoniais.

1.- MEDIDAS PREVENTIVAS

Fase de formulación

Santiago, 11 XUN. 2007

Deseño e execución das obras

- Desde o inicio das obras, e seguindo as indicacións do director ambiental da obra, levarase a cabo o control e vixilancia efectiva da execución das medidas de protección.

Deseño e distribución das fincas de reemplazo

- Garantir na medida do posible a persistencia dos principais elementos paisaxísticos, ecolóxicos e culturais de alto valor dentro da área do proxecto.
- Manter e promover os usos tradicionais.
- Manter un grado de diversidade dentro do territorio que permita o seu uso múltiple e o aproveitamento das diferentes oportunidades que ofrece.
- Adxudicación de parcelas aos seus actuais propietarios.
- Axuste da xeometría das parcelas aos elementos preexistentes.
- Búsqueda do compromiso por parte dos propietarios de respectar as infraestruturas, elementos ecolóxicos e culturais de interese.

Ordenación de usos preferentes para a zona de concentración

- Mantemento da actividade agrícola sen limitacións especiais. As únicas limitacións de usos son as que impón o código de boas prácticas agrícolas, así como a conservación das infraestruturas existentes, xa sexa construcións agrícolas, muretes, etcétera. Naquelas zonas onde os antigos cultivos invadían as ribeiras establecerase unha banda de restauración da vexetación de ribeira dunha anchura mínima de 5 m, que en ningún caso será danada, alterada ou eliminada. Este aspecto incide sobre as zonas a conservar incluídas nas directrices ambientais.
- Conservar principalmente as zonas incluídas nas directrices ambientais.

Fase de execución

- A maquinaria debe limitarse á zona restrinxida para ela, prohibíranse os traballos nocturnos e o período de obras non debe coincidir cos períodos de cría e nidificación da fauna de interese (na maioría dos casos de maio a xuño).



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental

San Lázaro, s/n

15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA

- Ao longo da fase de construción xeraranse emisións de po procedentes dos movementos de terra e os fumes procedentes dos motores da maquinaria empregada. A dirección ambiental decidirá a posibilidade de realizar regas. As regas realizaranse mediante camións cisterna destinados para tal fin.
- As actuacións que impliquen o deterioro do solo deben realizarse en verán, dado que é a época con menor precipitación do ano, tendo en conta as épocas de cría e nidificación das aves.
- Antes da entrada da maquinaria na zona de concentración débese sinalizar a zona por onde se permite o tránsito desta mediante a colocación de xalóns e cintas plásticas, que deben coincidir na medida do posible co trazado actual das pistas.
- Débese informar aos operarios dos condicionantes que esta sinalización supón.
- Debe estar sinalizado o parque de maquinaria e os camiños de acceso á obra, así como as superficies que supoñan unha ocupación temporal do solo.
- O contratista queda obrigado a realizar un control e vixilancia nos movementos da maquinaria durante o período de obras.
- As superficies ocupadas pola maquinaria deberán ser restauradas buscando as formas orixinais do terreo.
- Prohibese o emprego de materiais tóxicos tanto para os operarios como para o medio natural, sendo decisión da dirección ambiental a definición de tales materiais.
- Todos os residuos que se xeren como consecuencia da execución das obras e da explotación dos novos vieiros deberán xestionar conforme á súa natureza e á lexislación vixente en cada caso.
- Previamente a calquera afección ao dominio público hidráulico, zona de servidume ou policía, será preceptiva a autorización administrativa outorgada polo organismo de cunca.
- Queda prohibido a utilización das marxes, ribeiras e zonas de servidume como lugar para o depósito de materiais, parque de maquinaria, etcétera e, en xeral todas aquelas actividades que poidan provocar a contaminación das augas. De igual xeito prohibese o vertido de calquera substancia ás augas.
- Co fin de evitar a eliminación da vexetación, especialmente as zonas destacadas desde o punto de vista ecolóxico e paisaxístico, deben tomarse as precaucións debidas para non alterar estas masas, para elo recóllense as distintas zonas nas directrices ambientais da concentración.
- Para o uso de fertilizantes recoméndase: calcular as cantidades mínimas necesarias para optimizar o rendemento dos produtos, seleccionar os produtos adecuados para cada caso, evitar a aplicación de tratamentos fitosanitarios en días de vento.
- Recoméndanse os meses de agosto e setembro para a realización das obras, evitando así os períodos de nidificación das aves e eludindo os períodos de chuvias.
- Realizarase un proceso informativo no que se dará a coñecer aos propietarios a localización das súas novas parcelas, informando dos usos preferentes e das limitacións que se presente en cada un dos casos.
- Información aos responsables da obra da situación exacta do elemento na cartografía de detalle do proxecto, indicando na mesma a área de ocupación do elemento (área de protección integral) así como a banda de protección establecida no seu contorno (contorno de protección).
- No caso de levarse a cabo algún tipo de obra que xere movemento de terras dentro do contorno de protección será necesaria a elaboración dun proxecto arqueolóxico que contemple o control e seguimento das obras realizadas, previa autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

Santiago,

11 XUN, 2007

DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL DA CONCENTRACIÓN PARCELARIA DE SAN XOÁN DE FRIOLFE.
PROMOTOR: DIRECCIÓN XERAL DE ESTRUTURAS E INFRAESTRUTURAS AGRARIAS.
EMPRAZAMENTO: CONCELLO DO PÁRAMO (LUGO).

Asdo.: M.ª Belén Alberto Agacín

Páx. 16 de 20



- De forma xeral débese realizar un control e seguimento arqueolóxico da totalidade das obras vinculadas á concentración parcelaria que supoñan remoción de terras, principalmente as existentes, centrándose fundamentalmente nas accións construtivas que se poidan realizar no contorno dos elementos patrimoniais incluídos na memoria.

Fase de explotación

- Nos solos con pendente maior do 10% realizaranse os labores segundo curvas de nivel.
- Evitarase a queima de rastroxos sendo preferible o seu aproveitamento polo gando.

2.- MEDIDAS CORRECTORAS

Fase execución

- Nas zonas nas que se produza compactación procederase á descompactación do solo mediante un proceso de escarificado dos 10-40 cm superficiais.
- Unha vez finalizadas as obras é obrigatorio limpar e acondicionar as zonas alteradas e os seus arredores, devolvéndoo ao seu estado inicial na medida do posible. Débese estender a capa superior de terra vexetal separada previamente na fase de execución das obras.
- Nas zonas de maquinaria procederase á limpeza e restauración do lugar onde se situou o parque de maquinaria e outras instalacións complementarias. A limpeza consistirá na retirada de todos os residuos acumulados a vertedoiros controlados.
- Unha vez retirados os residuos procederase ao arado das zonas compactadas, intentando recuperar a estrutura orixinal do terreo, posteriormente pasarase unha grada e estenderase unha capa de terra vexetal, para finalmente realizar a restauración vexetal ata recuperar o seu estado inicial.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
DIRECCIÓN XERAL DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL
DILIXENCIA: Para facer constar que a presente copia é reprodución fiel e exacta do seu orixinal.

Fase de explotación

- É moi importante que se realice a información e asesoramento aos agricultores e gandeiros en materia medioambiental para integrar de forma correcta o proceso de concentración parcelaria no medio natural.

3.- MEDIDAS COMPENSATORIAS

Asdo.: M.^a Belén Alberte Aparicio

- Tras a redistribución de parcelas aparecerán novas liñas agrícolas que serán susceptibles de ser ocupadas por vexetación non agrícola. O desenvolvemento de lindeiros delimitará perfectamente as parcelas de reemplazo.

B) NO ANEXO II DO ESTUDO (AMPLIACIÓN DO INVENTARIO AMBIENTAL E MEDIDAS PROTECTORAS E CORRECTORAS)

1.- Medidas protectoras e correctoras para controlar procesos erosivos derivados da execución de novos camiños e delimitación da propiedade.

Execución dos novos camiños

- Aproveitar o trazado dos camiños existentes para elixir as trazas dos novos camiños, diminuindo o movemento de terras.



- Recoméndase que o trazado final da rasante dos novos camiños se acomode na medida do posible á topografía do terreo, compensado desmontes con terrapléns e evitando zonas de elevada pendente.
 - Cando o camiño discorra entre vexetación de interese (principalmente masas frondosas autóctonas) deberán terse en conta as seguintes consideracións:
 - Cando as formacións se localicen só a un lado do camiño, deberán incluírse no dominio público do camiño, asegurando así a súa persistencia.
 - Cando limite a ambos lados con vexetación natural ou elementos de interese teranse en conta os seguintes criterios para a selección do lateral que non deberá ser alterado e incluído no dominio público do camiño.
 - Noiros e lindeiros de maior altura, anchura e mellor estado de conservación, primarán sobre os de menores dimensións ou máis deteriorados.
 - Deberán respectarse preferentemente as marxes que presenten vexetación arbórea e/ou outras formacións arbustivas de destacada importancia que deberán sinalizarse.
 - No caso de presentar en ambas marxes do camiño comunidades vexetais de interese terá preferencia de ser conservada a de maior nivel evolutivo e mellor estado de conservación.
 - Cando non limite a ningún lado con vexetación natural de interese ou con ningún elemento a preservar poderá optarse pola alternativa máis interesante desde outros puntos de vista ecolóxicos.
 - Cando discorra o camiño próximo a cursos fluviais distanciarase deste o máximo posible, incluíndo no trazado do camiño unha franxa de protección de 4 m con vexetación existente ou sen ela, e destinándoa a restauracións.
- No caso de incorrer en zonas con pendentes elevadas incluírase no lindeiro superior cando estea composto por vexetación e muros, en cambio incluírase no inferior cando só conteña vexetación. Outra alternativa en zonas de fortes pendentes e con dificultades de acceso consiste na adecuación de camiños tradicionais ou forestais, como vías de acceso ás futuras fincas de reemplazo, de xeito que o impacto sobre o contorno sexa o mínimo posible. Esta alternativa persegue minimizar os movementos de terra, compensando o desmonte e o terraplén, mediante o acondicionamento do firme existente e a consolidación dun novo a partir de aportes de materiais como o xabre.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
DIRECCIÓN XERAL DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL
DILIXENCIA - Para facer constar que a presente copia é reprodución fiel e exacta do seu orixinal.

Deseño de camiños en valgada e pasos de auga

- Na fase de formulación do trazado dos camiños definitivos evitarase o trazado por terreos asolagables e proximidades aos cursos fluviais existentes na zona de estudo, procurarase que discorran por terreos saneados sen erosións e sen síntomas de asolagamentos.

Deseño de noiros

Asdo.: M.^a Belén Albete Aparicio

- Se no deseño das trazas dos camiños se teñen en conta os trazados existentes, reducirase en gran medida o movemento de terras. Nos camiños de nova construción recoméndase que a rasante se acomode na medida do posible á topografía do terreo.
- Para favorecer a rexeneración natural dos noiros das cunetas tralo acondicionamento dos camiños, o tratamento da capa superficial do terreo (15-30 cm), cargada dun considerable banco de sementes, debe ser tal que unha vez terminada a cuneta, a terra dese primeiro horizonte se localice superficialmente, favorecendo deste modo a xerminación das sementes e a conseguinte invasión vexetal dun modo sinxelo e natural.

DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL DA CONCENTRACIÓN PARCELARIA DE SAN XOÁN DE FRIOLFE.
PROMOTOR: DIRECCIÓN XERAL DE ESTRUTURAS E INFRAESTRUTURAS AGRARIAS.
EMPRAZAMENTO: CONCELLO DO PÁRAMO (LUGO).



Restauración de marxes de camiños e liñas de drenaxe

- As marxes tanto de camiños como de acequias acondicionados e creados restauraranse con vexetación autóctona da zona, buscando a creación de formacións e comunidades vexetais de interese ecolóxico e nunca unha formación monoespecífica.

Deseño e distribución dos predios de substitución

- Se a parcela ten un alto valor ecolóxico ou cultural, recoméndase a adxudicación ao mesmo propietario que a aportou.
- Axuste da xeometría dos predios de substitución aos elementos existentes cando estes teñen interese, como lindes arboradas e muros de pedra.
- Busca do compromiso por parte dos propietarios de respectar os elementos ecolóxicos e culturais de interese. Para lograr este obxectivo, propóranse xornadas informativas orientadas a cada caso particular.

2.- Medidas para protexer áreas de vexetación autóctona ou hábitats de interese ecolóxico ou paisaxístico.

Vexetación asociada aos cursos de auga

- Recoméndase que a unidade ambiental "vexetación de ribeira" sexa incluída dentro do ancho de ocupación dos cursos de auga de modo que non quede incluída nos planos de masas do proxecto de concentración.
- Se existen cursos de auga con vexetación de ribeira nunha parcela actual, estes manteranse como lindes no deseño dos novos predios de substitución.

Masas de frondosas caducifolias

- Considerar a exclusión no caso de que as masas pertencen a moitos propietarios ou se atopen no límite da zona de estudo. Cando na súa maior parte estas masas pertencen a un único propietario, asignaranse ao mesmo propietario.

Lindes arboradas

- Cando existan lindes con formacións vexetais de interese e/ou elementos tradicionais como muros de pedra deberanse respectar e restaurar sempre na medida do posible.

Rodais ou pés illados de frondosas autóctonas

- Deberanse conservar na medida do posible informando aos propietarios das fincas sobre o seu valor.

Medidas complementarias

- a. Localización de zonas sensibles nos Planos de Bases Definitivas.
- b. Novas plantacións:

- Nas zonas en que se realicen plantacións vexetais co fin de restaurar o terreo, estas realizaranse sempre con especies frondosas autóctonas, e non se permitirá realizar plantacións monoespecíficas.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
DIRECCIÓN XERAL DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL
DILIGENCIA: *[Firma]*
Copia e reprodución fiel e exacta do seu orixinal.

Santiago, 11 XUN, 2007

Asdo.: M.^a Belén Alberte Aparicio



- Durante a fase de restauración evitárase o emprego de fertilizantes e fitosanitarios e, de ser necesaria a súa aplicación, esta realizarase por persoal especializado prestando especial atención as zonas próximas a cursos de auga.
- De forma xeral as plantacións realizaranse nos meses de marzo e abril con exemplares de 1, 2 ou 3 zumes, e realizaranse de xeito que a plantación se adapte o máximo posible ás condicións e requirimentos ecolóxicos da zona a restaurar. As especies recomendadas son:
 - o Zonas de ribeira: *Salix atrocinerea*, *Alnus glutinosa*, *Betula spp* e *Fraxinus spp*. Deberán ir protexidas con tubos protectores biodegradables e plantaranse con distribución irregular e con marco de 1-2 m en formacións arbustivas e 5-6 m en exemplares arbóreos.
 - o Noiros e marxes de camiños: a distribución da vexetación será continua nas zonas con máis do 5% de pendente, mentres que nas zonas con pendente inferior poderá ser dispersa. Neste caso recoméndase a plantación de especies frondosas autóctonas como é o caso do carballo (*Quercus robur*) e castiñeiros (*Castanea sativa*), no caso desta última, para evitar danos producidos polas enfermidades recoméndase o emprego de castiñeiros resistentes obtidos por hibridación controlada de castiñeiros europeos con chinos (*Castanea mollissima*) e xaponeses (*Castanea crenata*).

c. Outras:

- Sinalización dos enclaves máis sensibles: contorno dos cauces, lindeiros, zonas con vexetación autóctona...) onde se limitará o uso de maquinaria. Terase especial coidado nas zonas sensibles para a fauna, como as de reprodución de *Circus pygargus*.
- De forma xeral recoméndase a non eliminación das árbores frondosas autóctonas (carballos e castiñeiros) de máis de 30 cm de diámetro.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
DIRECCIÓN XERAL DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL
DILIXENCIA.- Para facer constar que a presente
copia é reprodución fiel e exacta do seu orixinal.

Santiago, 11 XUN. 2007

Asdo.: M.^a Belén Alberte Aparicio